



DECRETO

Expediente.- 2023/EGFAB/000091

Asunto: Subvención nominativa ao Club de Regatas de Perillo para contribuír ao custe da celebración das regatas da Liga galega de Traíñeiras

Antecedentes

1.- As Bases de Execución do Orzamento de 2023, no seu artigo 28, dispoñen:

"Excepcionalmente, e só para o presente exercicio, prevese a concesión das seguintes subvencións nominativas, todas elas cun coeficiente de financiamento do 100%

Partida	Beneficiario	Importe (€)	Finalidade/Obxecto
81.341.48901	CD Mariñeiro de Mera	9.000,00	Contribuir áo custe de organización da regata da liga galega na súa categoría (masculina). Coeficiente de financiamento: 100%"
81.341.48901	Club de Regatas de Perillo	13.000,00	Contribuir áo custe de organización das regatas da liga galega nas súas categorías masculina e feminina. Coeficiente de financiamento: 100%"

2.- En data 25/04/2023 o Club De Regatas De Perillo presenta solicitude de que se lle conceda unha subvención por importe de 9.985,00 euros para o pago dos premios de ambas regatas. (Nº de rexistro 2023006621).

3.- En data 08/05/2023 foi ditada providencia da Cuarta Tenente de alcalde delegada de Deportes, Formación e Emprego, Turismo e Promoción Económica ordenando que polo Técnico Municipal de Deportes se efectúe o informe-proposta dirixido a Alcaldía, no que se detallan as condicións da concesión. Na mesma Providencia indícase que o Centro Deportivo Mariñeiro de Mera finalmente non vai organizar regatas no presente exercicio.

4.- O 9/05/2023 o Técnico Municipal de Deportes formulou a súa proposta, que foi informada favorablemente pola responsable da Unidade Xurídica CEDFEX e pola Intervención Municipal.

5.- Segundo o artigo 28.3 das Bases de execución do Orzamento, o órgano competente para a súa adxudicación será a Alcaldía, sen prexuízo das delegacións que poida aprobar.

Polo exposto, **RESOLVO:**

1º.- Conceder ao CLUB DE REGATAS DE PERILLO, con C.I.F. G-15064181, con enderezo en Avda. das Américas, 33 – 15172 Perillo (Oleiros), a cantidade de **9.985,00 euros**, coa finalidade de contribuír ao custe de organización das regatas da liga galega nas súas categorías masculina e feminina (4.000 para modalidade MASCULINA e 5.985,00 para a modalidade FEMININA) con cargo á aplicación orzamentaria 81.341.48901.



2º.- Autorizar e dispor un gasto un gasto de **9.985,00** euros para o fin sinalado no parágrafo anterior.

3º.- As condicións desta subvención son as seguintes:

a) Coeficiente de financiamento: 100%.

b) Compatibilidade: Esta axuda é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. O importe da axuda non poderá exceder de tal contía que, illada ou conxuntamente con outras subvencións ou auxilios que perciba o beneficiario doutras entidades tanto públicas como privadas, exceda do importe do gasto realizado.

c) Pagamento: Efectuarase o pagamento anticipado do 100% da subvención concedida, efectuando unha retención do 40% do importe en concepto de garantía ata que sexa aprobada a xustificación que se especifica a continuación, despois do cal a garantía retida será liberada e aboada á entidade beneficiaria.

d) Obrigas da entidade subvencionada:

- ✓ Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidos.
- ✓ Publicidade: Facer constar na totalidade da publicidade que realice da actividade subvencionada, por calquera medio, que a mesma conta con subvención do Concello de Oleiros, sinalando o importe e o concepto. A estes efectos, deberá publicitar na súa páxina web a concesión da subvención, concepto e importe no momento que o coñezan. Asemade, deberá incluír como elemento sinalizador na propia realización da proba, unha pancarta (ou elemento semellante) co texto “actividade subvencionada polo Concello de Oleiros”, acompañada na mesma do logotipo municipal. Dita pancarta deberá de ter unhas dimensións mínimas de 3 m x 1 m., e o seu coste correrá a conta do Club beneficiario.

e) Xustificación: O prazo de xustificación das axudas serán de dous meses contados a partir do día da celebración das probas (regata/bandeira).

- ✓ A conta xustificativa constará dos seguintes documentos:
 - Memoria detallada da realización da actividade.
 - Declaración responsable do Presidente de que os fondos percibidos foron destinados ao obxecto concreto para o cal foron concedidos e de que o importe da axuda non excede de tal contía que, illada ou conxuntamente con outras subvencións ou auxilios que perciba o beneficiario doutras entidades tanto públicas como privadas, exceda do importe do gasto realizado.
 - Declaración doutras axudas concedidas por outras entidades públicas ou privadas para a mesma finalidade.
 - Acreditación da publicidade feita.- enlace á web onde conste a publicidade e fotografías do evento onde se vexan as pancartas.
 - Facturas orixinais ou copias compulsadas xustificativas dos gastos realizados e o xustificante de telos aboado.





- Recibos orixinais ou copias compulsadas xustificativas do pagamento dos premios aos clubs participantes no evento, mediante os que se acredite o uso dos fondos concedidos. Nos recibos deberán constar os seguintes datos: datos completos do pagador (nome, enderezo e CIF), datos completos do perceptor do premio (ídem), importe pagado, concepto (premio en función do posto acadado na clasificación da regata), lugar, data e sinatura.
- Declaración acreditativa de que o persoal ao que corresponda a realización da actividade cumpre o requisito previsto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuizamento Civil.

4º.- O réxime de concesión, xestión, xustificación, control financeiro, infraccións e sancións desta subvención axustarase ao regulado na normativa estatal e autonómica sobre subvencións públicas, así como o regulado ao respecto nas bases de execución do orzamento.

5º.- Que se notifique debidamente aos interesados, advertíndolles que contra esta Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor ante este mesmo órgano recurso potestativo de reposición, no prazo DUN MES a contar dende o día seguinte ó da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP. Tamén poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo da cidade de A Coruña, no prazo de DOUS MESES a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto na Lei 29/98, de 13 de xullo, da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Todo isto sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de formular a solicitude á que se refire o artigo 106.1 da citada Lei, ou de interpoñer aqueloutros que estime procedentes.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde, e o Secretario/a accidental, que da fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

